



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE XANEIRO DE 2012

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2510/2010.- JOSE LUIS FERRIN JEREMIAS.- Modificación da licenza outorgada na sesión do 29 de marzo de 2011 para obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Pedrido en Santiago de Compostela.

LIC/801/2009.- MARÍA BEGOÑA PEREIRA POMBRIEGO.- Construcción de vivenda (con estudio de pintura) na rúa de Lamas de Abaixo 69.

LIC/1148/2011.- JESUS MALLOU NOYA.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa das Cancelas 123.

LIC/776/2010.- PABLO CALDELAS DE LA FUENTE.- Construcción de vivenda unifamiliar no lugar de Aldrei, 19.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/22/2012.- MANUEL LIÑARES GONZALEZ.....LIC/500/2008..... 3.000 €

LIC/20/2012.- MANUEL LIÑARES GONZALEZ.....LIC/500/2008..... 1.500 €

LIC/19/2012.- MANUEL LIÑARES GONZALEZ.....LIC/499/2008..... 2.000 €

LIC/9/2012.- MARIA ISABEL LOPEZ EIRAS.....LIC/408/2008..... 1.500 €

LIC/5/2012.- SDAD. COOP. LTDA. GALEGA DE VIVENDAS CIDADE XACOBEA.....LIC/920/2008..... 12.000 €

LIC/7/2012.- SDAD. COOP. LTDA. GALEGA DE VIVENDAS CIDADE XACOBEA.....LIC/922/2008..... 12.000 €

LIC/6/2012.- SDAD. COOP. LTDA. GALEGA DE VIVENDAS CIDADE XACOBEA.....LIC/920/2008..... 12.000 €

LIC/8/2012.- SDAD. COOP. LTDA. GALEGA DE VIVENDAS CIDADE XACOBEA.....LIC/920/2008..... 12.000 €

4 a 40.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

41.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

A XGL desestimou o recurso de reposición presentado por unha cidadá que solicitaba a aplicación dun 95% de bonificación a raíz dunha sucesión dun ben inmueble. Dado que o inmueble non superaba os 150.000 € é correcto aplicar unha bonificación do 75%, polo que se rexeitou o recurso.

42.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Tráfico relativa á aprobación dun convenio entre o concello e a entidade AS CANCELAS SIGLO XIX SL, para execución de actuacións de mellora do tráfico rodado nas inmediacións do centro comercial As Cancelas.

A XGL aprobou subscribir o convenio coa entidade As Cancelas S.XXI S.L. para a execución de actuacións de mellora no tráfico rodado nas inmediacións do centro comercial As Cancelas. As actuacións a realizar afectan a tres ámbitos: intersección da avenida de Xoán Pablo II coa rúa das Cancelas e a rúa do Doiro: intersección da avenida de Rodríguez de Viguri, avenida do

Camiño Francés e plaza de España; e intersección da avenida de Rodríguez de Viguri coa avenida do Cruceiro da Coruña.

43.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 8 de marzo de 2011 relativo á controversia da titularidade das parcelas de orixe 20, 21, 29 e 34 no proxecto de compensación do polígono 2 do SUP-3.2.Ponte Pedriña.

A XGL estimou parcialmente o recurso de reposición dun cidadán contra o acordo da XGL de marzo de 2011, sobre controversia civil de titularidade de distintas parcelas.

44.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do proxecto da Ordenanza municipal reguladora das terrazas e quioscos de hostalería.

Apróbase o proxecto de ordenanza, que quere ofrecer un marco normativo máis amplo, con maiores posibilidades aos titulares destas instalacións. Con este obxecto, regúlase o mobiliario, tipos de instalacións autorizables, as modalidades de ocupación e tamén as particularidades da instalación de terrazas en espazos libres privados, como edificios de usos terciarios, con centros comerciais ou hoteis.

48.- Adxudicación de Obras de Demolición de edificación auxiliar no lugar de SUARRIBAS-CRUZ DA NOGUEIRA

A XGL aprobou a adxudicación da obra de demolición da edificación auxiliar no lugar de Suarribas-Cruz da Nogueira á empresa URCAL 2010 Construcciones S.L. por un importe de 25.686,83 €.

49.- Adxudicación das Obras de Demolición de edificación auxiliar no lugar de PAI DA CANA-CONXO

A XGL aprobou a adxudicación da obra de demolición da edificación auxiliar no lugar de Pai da Cana-Conxo á empresa URCAL 2010 Construcciones S.L. por un importe de 21.012,99 €.

50.- Adxudicación de Obras de Demolición de edificación auxiliar no lugar de SANTA EULALIA DE BANDO-ZARRAMACEDO

A XGL aprobou a adxudicación da obra de demolición da edificación auxiliar no lugar de Santa Eulalia de Bando-Zarramacedo á empresa URCAL 2010 Construcciones S.L. por un importe de 25.312,63 €.

51.- Servizo de vixilancia do Estadio de San Lázaro

Apróbanse as novas bases do concurso para a adxudicación do devandito servizo por importe de 88.712 euros (IVE incluído).

52.- Proposta do concelleiro delegado da Rede de Centros e Locais Socioculturais relativa á aprobación dos gastos e previsión de ingresos do programa base de actividades socioculturais durante o período de xaneiro a agosto de 2012.

Apróbase un importe de 110.000 € para o Programa Base de Actividades Socioculturais para o período xaneiro-outubro de 2012.

53.- Dar conta á Xunta de Goberno Local de diversos acordos adoptados polo Consello de Administración da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Santiago (EMUVISSA).

Dáse conta dos devanditos acordos.

54.- Dar conta pola concelleira delegada de Benestar Social da sinatura do convenio entre o Concello e a Consellería de Traballo e Benestar para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD.

Dáse conta do devandito convenio.